

**Asunto:** Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 8 de xullo de 2022 recibíuse a solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por ANA MARIA BALBOA PORTO en nome e representación da ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA AMICO, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co núm. **1992/002968-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 22 de xuño de 2022, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

<b>Presidente/a</b>	ANA MARIA BALBOA PORTO
<b>Vicepresidente/a</b>	IGNACIO RODRÍGUEZ SÁEZ
<b>Secretario/a</b>	MARIA JESUS PEREZ PIÑEIRO PÉREZ PIÑEIRO
<b>Tesoureiro/a</b>	ALVARO GARCÍA BUSTELO
<b>Vogais</b>	MIRTA GLADYS PULLEIRO LANDEIRA, MARÍA JESÚS PICO PARDAL, PATRICIA VILAS IGLESIAS, ALBERTO PEREIRA AMENEIRO, ALBERTO FERNÁNDEZ PÉREZ, ANTONIO VÁZQUEZ MAYO

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.





Cuarto. A xefa territorial da Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA AMICO de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Margarita Olmo Bosco

Xefa Territorial

P.S. (Orde do 12 de xullo de 2022)

Xefa servizo administración local e interior

